



**Grupo Provincial Socialista**  
Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

**ISABEL GIL ÁLVAREZ**, deputada provincial do Grupo Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ao previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 10 do Regulamento Orgánico da Corporación,

Tivo coñecemento que con data 17/07/2017 se deu alerta sanitaria por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia cualificando a auga de abastecemento no Concello de Ramirás de NON APTA PARA O CONSUMO dado que os resultados analíticos confirman o incumprimento por ARSÉNICO.

Por elo ordena que non restrinxir o CONSUMO para inxesta ou uso alimentario, comunicarllo ós usuarios con urxencia ,buscar unha alternativa para que os usuarios teñan o servizo e garantir a calidade da auga de consumo.

Igualmente ordena levar a cabo os autocontrois e verificacións necesarias.

Por elo SOLICITA que con Urxencia se me facilite

- 1.-Copia da Análise completa que motivou esta alerta de auga de abastecemento NON APTA para o consumo de 17 de xullo pasado.
- 2.-Medidas de control e seguimento tomadas para verificar as condicións dos parámetros e resultados deses análises.
- 3.-Medidas correctoras tomadas para garantir as condicións da auga do servizo de abastecemento
- 4.-Medidas para garantir que os usuarios reciben auga en cantidade e calidade establecida e o cumprimento da normativa especialmente no RD 140/2003.

En Ourense, 21 de xullo de 2017.



**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE**

email: [gruposocialista@depourense.es](mailto:gruposocialista@depourense.es)  
facebook: [gruposocialista.depourense](https://www.facebook.com/gruposocialista.depourense)  
twitter: [SocialistaDepou](https://twitter.com/SocialistaDepou)